

DECRETO

Por resolución de data 26 de outubro de 2021 aprobouse a relación de actividades do programa FEMICAMP, Educación para a Igualdade, establecéndose no punto terceiro da parte dispositiva que un prazo de inscrición durante 5 días hábiles, contados dende o día seguinte á publicación da presente resolución no taboleiro da páxina web municipal.

En data 28/10/2021 publicouse no taboleiro de anuncios o formulario de inscrición no que figura que o prazo de inscrición é desde o día 29 de outubro ata o día 5 de novembro ambos incluídos.

Resultando que a día da data aínda quedan prazas vacantes xa que o número de solicitudes presentadas é moi inferior ó número de prazas ofertadas, considerase necesario facer unha ampliación do prazo co fin de que optimizar o máximo posible os recursos adicados á realización das actividades incluídas dentro do dito programa.

Polo exposto, VEÑO EN DISPOÑER:

- Ampliar o prazo de inscrición en 3 días hábiles a contar desde o día seguinte á publicación da presente resolución do taboleiro da páxina web municipal.

Así o manda e asina a Concelleira delegada da Área de Muller, Igualdade, Xuventude, Minorías Étnicas e Normalización Lingüística o día da data da sinatura electrónica.

A Concelleira,

Ante min,

O Secretario Xeral,